



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Art. 1º.- Fundamento e natureza

Ó ampara do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes I e 4 o) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización das Instalacións Deportivas

Art. 2º.- Feito imponible

Cosntitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial das Casas de Cultura ou Centros Sociais do Concello de Ribadumia para **a impartición de clases ou actividades análogas con finalidade lucrativa**, polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Art. 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa, en concpeto de cocontribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien da utilización das instalacións, consonte o feito imponible da taxa.

Art, 4º.- Responsables.

1. Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos ou alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos pola lexislación vixente.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Art. 6º. Cuota tributaria.

A contía da taxa determinarase aplicando as seguintes tarifas:

TARIFAS APLICABLES.

Pola utilización de local de Casas de Cultura
Ou centros sociais ou outras instalacións municipais
para a impartición de clases ou actividades análogas
con fins lucrativos

20 €/ hora

Art. 7º.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír unha vez se autorice a referida utilización das instalacións.

Art. 8º.- Réxime de declaración e ingreso:

O ingreso da taxa realizarase:


1. Tratándose da utilización das instalacións a taxa recaudarase mediante autoliquidación, ingresando o seu importe o solicitante nas entidades bancarias colaboradoas deste Concello (o una tesourería municipal) sempre antes de iniciar a ocupación.

Art. 9º.- Infraccións e sancións:

As infracción e sanción en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Art. 10º.- Normas de xestión:

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos ou utilizacións ós que faen referencia esta taxa deberán presentar no Concello a correspondente solicitude na que deberá constar, como mínimo: datos identificativos completos, dirección, teléfono de contacto, locais que solicita, fin para o que se solicita, horas de utilización: día/semana/mes e períodos de duración.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Unha vez autorizado o aproveitamento e se non se determina con exactitude a duración da utilización entenderase prorrogada mentres non se presente declaración de baixa o interesado, procedéndose a realizar a correspondente liquidación que deberá ser abonada antes do inicio do período da prórroga.

Cando se remate a utilización os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da presentación da mesma, podendo no seu caso prorratearse por días.- A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

Disposición final:

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA.- A presente Ordenanza Fiscal da Taxa **pola Utilización das Casas de Cultura e Centros Socias do Concello de Ribadumia**, resultou aprobado polo Pleno Municipal en sesión de 6 de novembro de 2008, publicándose o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 250 de 29 de decembro de 2.008, entrando en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2.099 e manterase en vigor ata que se adopte acordo da súa modificación ou derogación expresa.-

Ribadumia, 30 de decembro de 2008
A Secretaria,



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE RIBADUMIA.

Cuota tributaria.

A contía da taxa determinarase aplicando as seguintes tarifas:

TARIFAS APLICABLES.

Pola utilización de local de Casas de Cultura, Centros Sociais ou outras instalacións municipais para a impartición de clases ou actividades análogas con fins lucrativos

20 €/ hora

Normas de xestión:

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos ou utilizacións ós que faen referencia esta taxa deberán presentar no Concello a correspondente solicitud na que deberá constar, como mínimo: datos identificativos completos, dirección, teléfono de contacto, locais que solicita, fin para o que se solicita, horas de utilización: día/semana/mes e períodos de duración.

Unha vez autorizado o aproveitamento e se non se determina con exactitude a duración da utilización entenderase prorrogada mentres non se presente declaración de baixa polo interesado, procedéndose a realizar a correspondente liquidación que deberá ser abonada antes do inicio do período da prórroga.

Cando se remate a utilización os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da presentación da mesma, podendo no seu caso prorratearse por días.- A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.